



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ACTA Nº 4/2022

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E OITO DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

En Ordes, a vinte e oito de abril de dous mil vinte e dous.

Na sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a, ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES.
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA.
- D. JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA.
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL.
- D. JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA.
- D. PABLO VIDAL RÍOS.
- D^a. MARÍA JESÚS REGUEIRO GARCÍA.
- D^a. CARMEN MARÍA FERREIRO VILLAVARDE.
- D^a. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA.
- D. MANUEL IGLESIAS VIEITES.
- D. AITOR RIBADAS GÓMEZ.
- D. MARCOS FERNÁNDEZ LOURO.

Non asiste:

- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO.

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto. Está presente na sesión o Interventor Municipal D. Javier Siro Suárez Rodríguez.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de 31 de marzo de 2022, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que existe un erro na relación de asistentes á sesión ordinaria de data 31/03/2022. Estivo presente na sesión D^a. Yessica López Varela. Non asistiu á sesión D. Abel Blanco Viqueira.

A acta da sesión ordinaria, de data 31 de marzo de 2022, resultou aprobada por maioría de doce votos a favor, coa abstención do Sr. Blanco Viqueira, da Sra. Regueiro García, da Sra. Ferreiro Villaverde e do Sr. Fernández Louro, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, coa corrección sinalada polo Sr. Alcalde.

2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde non se informa de ningunha actuación municipal.

3. APROBACIÓN PROVISIONAL MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL Nº 14. REGULADORA DA TAXA DE CEMITERIO MUNICIPAL.

Expediente de modificación da ordenanza fiscal nº 14 reguladora da taxa de cemiterio municipal (Art. 6. Cota tributaria).

Visto o contido do informe económico-financeiro.

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal, de data 25/04/2022.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que sinala que non van a por impedimento ou obxección, hai un informe técnico. É certo que o custe dos materiais da construción subiu.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que tampouco van a poñer ningún impedimento. Supón que quedará unha porcentaxe de nichos reservados para persoas que non opten á adquisición. A actualización de prezos correspóndese coa suba xeneralizada de todo. O importe da taxa pode ser complicada para algunha persoa para poder acceder a un panteón.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que van a facilitar a súa aprobación mediante unha abstención. Creen que sería bo sentar antes uns criterios de deseño para os panteóns do cemiterio municipal para que non aconteza un pouco o que pasou coa primeira fase onde hai uns panteóns de unha maneira e outros con outro tipo de estética. Sería bo contar antes cunha ordenanza onde se regulen os requisitos estéticos para homoxeneizar todos e que a longo dos anos se vaian facendo todos da mesma maneira.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ese criterio estético xa está establecido. Os novos panteóns van a executarse igual que as dúas últimas mazás executadas no ano 2012 e 2014, coa cubrición, cos soportais e cos pilares, van a ir totalmente cubertos. Nas vindeiras datas retomarán as reunións coas persoas que aínda non fixeron a cubrición das mazás que non están cubertas. Neste caso haberá tamén que actualizar o prezo que se lles plantexou e ver se se poden executar algunhas delas para conseguir unha homoxeneidade en todas e cada unha das mazás para que ao final sexan todas idénticas.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría absoluta de catorce votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro e Sr. Ribadas Gómez), coas abstencións (2 grupo político BNG), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal nº 14 reguladora da taxa de cemiterio municipal (Art. 6. Cota tributaria), cuxo texto modificado figura na proposta de Alcaldía que encabeza o expediente.

2.- Abrir un trámite de información pública durante un prazo de trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente na Secretaría municipal e presentar as reclamacións que estimen oportunas, publicándose o anuncio de exposición no BOP, no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello e nun dos diarios de maior circulación da provincia.

3.- Rematado o período de información pública, adoptarse o acordo definitivo que proceda, resolvendo, no seu caso as reclamacións presentadas e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza.

4. APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO MUNICIPAL, EJERCICIO 2022.

Expediente tramitado para a aprobación do Orzamento Municipal, formado para o exercicio de 2022 polo Alcalde-Presidente, cos documentos que preceptúan os arts. 165, 166 e 168 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e concordantes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e cumprimento do establecido no art. 193.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Vistos o informe emitido pola Intervención e o ditame da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal, de data 25/04/2022, ambos en sentido favorable.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Solicita intervir o Sr. Interventor, que sinala que o acordo de aprobación inicial farase constar que se entenden incluídos todos os créditos do orzamento prorrogado, salvo a incorporación de remanentes, así como o suplemento de créditos 1P SC/2022.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que sinala que non van por impedimento á aprobación inicial do orzamento municipal.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que sinala que encontran algunha partida presupostaria para a contratación de persoal externo cando fai pouco que se aprobou unha modificación da RPT, que se vai a levar a cabo un proceso de estabilización do persoal, entendemos que estas son tarefas que deberían facer incluso os funcionarios.

Intervén o Sr. Alcalde, que solicita se pode matizar a que prazas de persoal se refire.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, que sinala que por exemplo a axencia de comunicación, máis de 58.000 euros, habendo un encargado da emisora municipal e un xornalista. Tamén chama un pouca a cantidade de 254.000 euros para órganos de goberno, fronte aos 68.000 euros adicados a asistencia primaria. Chama tamén a atención que tendo maioría absoluta por que se presenta este documento fora de prazo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que nesta primeira intervención fan a facer unha análise dos datos como veñen facendo nos derradeiros anos. Se analizamos os capítulos de ingresos do orzamento atopamos que no capítulo un, IBI rústica, ano 2015 dereitos recoñecidos netos, o que se recadou realmente, de 257.000 euros. No ano 2022 prevese recadar 294.000 euros, é dicir, unha subida de 37.000 euros. En IBI urbana no ano 2015 recadáronse 1.829.000 euros, no 2022 prevese recadar 2.220.000 euros, unha subida de 380.000 euros. Sete anos despois de entrar a gobernar o PP, cada ano recádase 418.000 euros máis do peto da veciñanza do noso concello do que se viña facendo no ano 2015 en concepto de contribución. A débeda total do concello a 31 de decembro de 2022 será de 2.586.000 euros, dos cales 460.000 euros son débeda bancaria e 2.126.000 euros será débeda contraída con administracións públicas, neste caso a Deputación provincial que a través do préstamo provincial sen xuros permitiu reducir considerablemente a débeda bancaria. Isto non quere dicir que a débeda non desaparecese por arte de maxia. Segue a manterse por que así figura nos documentos oficiais das administracións públicas, aínda que manteñan ou amplien o período de carencia. Con respecto ás retribucións de órganos políticos, no ano 2015 a retribución establecida para o alcalde era de 41.300 euros/ano, no ano 2019 fixouse en 49.700 euros/ano, así como tres dedicacións parciais, a concelleira delegada de



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

política social 30 horas/semana 26.800 euros/ano, os concelleiros delegados de cultura e de obras e infraestruturas 20 horas/semana 17.920 euros/ano. Xa o dixeron nos plenos de organización en diversos anos, o BNG entende que a xente ten que cobrar polo seu traballo e ten que render contas polo traballo desenvolvido. Outra cousa son as cantidades, a súa postura é coñecida, remítense ao exposto no pleno de organización do ano 2019. Nestas cantidades estableceuse unha cláusula que di que as contías establecidas variaranse anualmente na mesma porcentaxe que estableza a Lei de orzamentos xerais do Estado. Deste xeito os salarios para o ano 2022 como figuran nestes orzamentos pasan a ser 52.173 euros/ano o Sr. Alcalde, 28.200 euros/ano a concelleira delegada de política social, e 18.800 euros/ano os concelleiros delegados de cultura e de obras e infraestruturas, cada un.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que sinala que no pleno de organización xa manifestaron a súa disconformidade cos salarios que se establecían. Nembargantes non van a poñer ningún impedimento á aprobación destes orzamentos.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que non teñen nada máis que engadir. Chámalles a atención o incumprimento do prazo para a aprobación do orzamento, o resto son números.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que ollando os datos que figuran no IGE no noso concello hai unha media dun 30 % de vivendas baleiras. A poboación do ano 2015 era de 12.776 habitantes no ano 2021 12.605 habitantes. Nacementos ano 2015 media de 95, 2016 117, 2017 123, 2018 88, 2019 91, 2020 82. Nestes dous derradeiros anos xa estaba en vigor o cheque bebé. Empresas no ano 2015 había unha media de 1.361, 2020 1.311. Das cales eran persoas físicas 930 no 2015, no 2020 son 895. Sociedades anónimas no 2015 10, 7 no 2020. Sociedades limitadas no 2015 313, 307 no 2020. Cooperativas no 2015 4, 2 no 2020. Outros 104 no 2015, 100 no 2020. No período 2015-2020 perderon dúas empresas de 50 a 99 asalariados. Perderon unha de 20 a 40 asalariados. Explotacións agrarias no 2015 447 e no 2020 hai 314. Valoran positivamente a inclusión da demanda do BNG nos derradeiros anos do abastecemento caro o Canedo, deberían revisar as táboas do orzamento onde figura que se fai con fondos propios cun orzamento de 48.000, falta a aportación doutras administracións públicas. Eivas, o que manifestaron nos derradeiros tempos. Seguen sen a Casa Consistorial sen uso. Recuperando a actividade municipal nese espazo que é máis que suficiente para servir como concello, liberaríanse outros espazos para implantar outros servizos que puideran solucionar carencias da veciñanza. A parcela do karting no parque empresarial sen uso e convertida nun vertedoiro. O centro comarcal segue pechado, non se quer utilizar para viveiro de empresas, nin para a implantación dun escola infantil pública Galiña Azul. Pretenden tirar unha escola unitaria na rúa de Galicia amañada nos derradeiros anos. Non existen iniciativas para a creación de oportunidades de emprego. Non hai un viveiro de empresa. Propuxeron a recuperación da parcela de uso social do parque empresarial de Merelle para a súa creación, que incomprensiblemente se atopa en mans privadas. O PXOM leva máis de seis anos dende a súa aprobación inicial e aínda non se acadou a aprobación



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

provisional. Hai xente que pola falta de solo está a construír a súa vivenda noutros concellos. Temos unhas normas subsidiarias do ano 1996 esgotadas e obsoletas. Investíronse moitos cartos en beirarrúas no parque empresarial de Merelle pero iso non mellorou a competitividade das empresas, nin contribúe a atraelas. A falta de emprego e de oportunidades en Ordes, agravadas cos datos de destrución de empresas e explotacións agrarias nos últimos anos non teñen cabida nos orzamentos municipais que non procuran solucións a esta situación, que a súa vez xera o despoboamento que estamos a padecer por que a xente non atopa un medio de vida no noso concello e se muda a outro lado. A xente se non ten estabilidade, nin servizos que garantan unha axeitada conciliación da vida laboral e familiar non aposta por ter fillos por moito que se ofrezca un cheque bebé. O resultado será a este paso moitas beirarrúas novas no casco urbano, non parque empresarial, pero sen xente que poida pasear por elas. Con respecto ao comercio e a hostalería, os orzamentos poñen de manifesto un goberno falto de ideas que ao único que se adica e a dar unha subvención nominativa a unha asociación de comerciantes, minorada con respecto ao exercicio anterior, sendo incapaz de impulsar medidas de fortalecemento e revitalización destes sectores no noso concello. Exemplo disto é a situación na que se atopa a praza de abastos que ten a maioría dos seus postos pechados, así como a Feira da Adina que segue a perder peso sen que o goberno municipal sexa quen de facer nada ao respecto. Por todas estas razóns van a votar negativamente a estes orzamentos municipais.

Solicita intervir o Sr. Interventor para aclarar que a cantidade de 59.000 euros adicados a Axencia de Comunicación, correspóndense co grupo de función, no que se inclúen o salario do xornalista, encargado da emisora municipal e outros gastos, non é que vaian destinados á externalización do servizo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa o ía explicar, as partidas correspóndense con cada un dos grupos e capítulos do anexo de persoal, son os salarios do persoal da axencia de comunicación, é unha mínima cantidade para o contrato da persoa que colabora na Cabalgata de Reis, Carnaval, Festa do Champiñón e Festas Patronais. O montante principal son os salarios do xornalista e encargado da emisora municipal. Se a principal preocupación do orzamento para os grupos da oposición o 1% que supón dos gastos totais o importe das retribucións dos órganos de goberno que están a traballar no día a día para sacar isto adiante. Pouco demostran do que é unha análise en profundidade do orzamento municipal e o traballo que conleva os 365 días do ano ter que dirixir unha administración calquera. Fora de prazo, claro que si, agarda que para o ano que ven non sexa así. O ano pasado os aprobaron en xuño, houbéralle gustado poder aprobalos antes, pero estamos coa casuística de sempre, os importes do Plan Provincial coñécense en xaneiro, a deputación provincial e a Xunta de Galicia aproban os seus orzamentos ao final do ano, descoñecemos as cantidades que vamos a ingresar, as cantidades que corresponden á participación nos tributos do Estado. Todo isto para encaixar o máximo posible o orzamento e ao longo do exercicio conseguir o máximo equilibrio e unha execución como foi a do ano pasado que superou o 95%. Coñecidos os ingresos poden sacarse os orzamentos. Trataron de traelos canto antes, houbéralle gustado que fose no mes de marzo xunto coa incorporación de remanentes, non puido ser. Houbo que facer esforzo para levar un acabo un axuste para regularizar todos os gastos correntes en bens e servizos que non estarían contemplados se se tivese aprobado o orzamento en tempo e forma e ter que estar facendo modificacións para



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

adaptarse aso tempos que estamos a vivir. Os argumentos do BNG son os mesmos todos os anos, non descubren nada novo, seguen cos mesmos argumentos, o mesmo contido e non melloramos nada. IBI rústica, urbana 2015-2022, baixaron o tipo do 0,60 ao 0,48 %. Claro que aumentaron os ingresos en rústica e urbana por que xa llo explicaron outras veces, descubríronse máis de 300 inmobles que estaban ocultos, isto non lle interesa dicilo. Vostede era defensor de que estes inmobles ocultos non pagasen. Segue a vender fume, demagogia. Os recibos non soben, equívocase. Pode comprobar como nos derradeiros anos toda a súa información en redes sociais o único que fai é difamar a este goberno. Non sabe facer outra cousa. Así é como lle vai. Non diga so o que subiu o IBI rústica e urbana, diga tamén, o ten aí, cantos recibos hai a maiores. Aclárello á poboación. Houbo un esforzo importante dende o ano 2015 ao 2022 baixando o tipo do 0,60 ao 0,40%. Se non se tivera feito isto si que se tiveran incrementado os recibos dos contribuíntes nunha media dun 20%. O IBI de rústica, non o poderá negar, ten o tipo conxelado, é o mesmo todos os anos. Non hai variación da incorporación da base liquidable con respecto ao valor catastral. As retribucións do goberno, máis demagogia. Que os salarios do grupo de goberno, que son tamén uns traballadores, non poidan incrementarse na mesma porcentaxe que o de calquera empregado municipal, manda truco que sexa capaz de vir aquí a defendelo. Isto parécelle propio dunha persoa moi baixa. Vostedes que son a CIG, que se consideran representantes dos traballadores e son os primeiros que saen con pancartas ás rúas a manifestarse por uns salarios dignos e veñan a criticar aquí a actualización dos salarios do grupo de goberno na mesma contía que a dos traballadores municipais. É a súa maneira de ser, non demostra nada do que ten feito con anterioridade. Vai a defender que mentres os seus compañeiros traballen reciban un salario digno como calquera traballador do concello. E se o ten que repetir cada vez que haxa un debate dos orzamentos ou a conta xeral o vai a facer. Vostede ben aquí a facer demagogia e el vai a contarlle a realidade. A análise dos datos do IGE é a realidade, non hai nada que discutir. En poboación chegaron a estar por debaixo de 12.600 habitantes. Na actualidade son máis de 12.700. non saben como remataron no final do exercicio. Este é un concello cun saldo vexetativo negativo. Pero o feito que sexa en mais amplitude do que realmente é a variación da poboación tamén significa que xente está chegando ao noso concello. O que vai totalmente en contra dos argumentos que está a defender vostede. se houbo un equilibrio entre nacementos e falecementos estaríamos a perder máis poboación da que realmente estamos a perder. Ordes non é tan malo para fixar poboación, dende o punto de vista empresarial. Equívocase de novo. Hai xente doutros concellos, incluso deses que gobernan vostedes, que acaban aterrizando aquí. O convenio que se vai a formalizar coa Xunta de Galicia, e así está explicado no informe de intervención. So está consignado o 20% da aportación municipal, non se consigna o 80% que a Xunta de Galicia nunca vai a transferir ao Concello, é o Concello o que vai a transferir a súa aportación para que ese proxecto saia a licitación. O proxecto está en supervisión, coa nova revisión de prezos, foi redactado a comezos do ano pode supor un pequeno incremento. O proxecto licitarase e executarase por Augas de Galicia. Esa obra vai a facerse non por que a demandasen vostedes, por que a negociaron eles e a conseguiu este grupo de goberno. Seguen coa matraca da Casa Consistorial, non está baleira e sen uso. Ten moito uso. Está a policía local, hai un salón de plenos e de recepción de persoas. Na terceira pranta hai unha sala de xuntas e despachos onde se traballa de xeito continuado. A única pranta que non ten uso e a pranta que estaba unicamente preparada para alcaldía e a secretaría e a día de hoxe aínda non decidiron trasladarse para alí. Cando sexa así verán como se reestrutura a parte que vai a quedar baleira da



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

pranta terceira da ampliación do edificio. O edificio fai moita falta, deixemos de seguir vendendo que aí se poder dar outros usos, por que segue a tratar de confundir á veciñanza. Temos avanzado o compromiso para facer a xestión dos residuos que están na parcela do karting, espera resolvelo este ano. O Centro comarcal vai a ser un proxecto pioneiro no concello, que xa está presentado. Vai a ser ampliado en volume, espazos, despachos, usos, para que alí se ubique o Distrito forestal, a Oficina agraria comarcal. Hai un acordo coa Consellería do Medio Rural e non ten volta atrás. Está pendente de formalizar a permuta para quedarnos coa propiedade do edificio de rúa Nova e que o traslado se poida facer ao longo do exercicio. O viveiro de empresas sempre se analizou para a súa ubicación no parque empresarial, foi inviable ao non conseguirse a financiación para a construción na parcela, que é de propiedade privada. Se nalgún momento a queren vender o concello posicionarase para a súa recuperación. Como tamén pretende a adquisición dos terreos do campo de fútbol de Mesón do Vento ou outros bens inmobles que poden integrarse no patrimonio municipal, estando en negociacións cos seus propietarios para a súa adquisición. Preocúpalle o PXOM e segue a compararnos con Oroso, Mesía, Frades, ...etc., con concellos que fixeron a tramitación do PXOM con leis do solo anteriores á de 2016. Trabállase todos os meses e todas as semanas para avanzar o máximo posible para que o PXOM sexa unha realidade antes de que acabe este mandato. Non sabe se vai a poder ser así por que dependen de outros organismos. Seguen a negociar. Pode dicirlle por que o ten contrastado que sendo o concello que aprobou o PXOM antes da entrada en vigor da Lei de 2016 ten máis posibilidades de aprobar o PXOM os primeiros. Esa é a súa meta. É cos concellos cos que se teñen que comparar. Pídelle que o compare con eses concellos. Tampouco podemos comparar a situación do estado dos traballos previos deses concellos con Ordes. Sempre lle agradeceu que se conseguise a aprobación inicial gracias aos votos do BNG, por que senón terían que ter iniciado un proceso de cero. Pero a día de hoxe, vostedes fan o seu debate, non están a facer unha comparación de maneira xusta e equitativa. Veremos quen son capaces de aprobalo definitivamente. Seguen a traballar continuamente para que o PXOM sexa unha realidade canto antes. Esta mesma semana mantiveron unha reunión coa Demarcación de Estradas, faláron con Augas de Galicia, mantivo reunións para ver as posibles solucións a determinados sectores de solo urbanizable para conseguir o informe favorable de AXI. Levan semanas negociando todas e cada unha destas cuestións. O PXOM é vital para Ordes, non debería ter en ningún caso ningún tipo de debate político, é algo moi importante para toda a veciñanza. É certo que hai que ampliar o parque empresarial de Merelle, ten o solo esgotado. Pero seguen a implantarse empresas, seguen a venderse parcelas para facer naves. O discurso de antes o desmontamos. Vexamos unha foto aérea do ano 2015 e unha do ano 2022. Coa crise do sector téxtil pecharon dúas empresas. A comparación do que existe no sector gandeiro non é certo, son pequenas explotacións familiares que non poden competir a día de hoxe nos mercados leiteiros e no da carne, chegaron á idade de xubilación e non tiñan substitución por non ter base territorial ou outras cuestións. É o mesmo que acontece nos concellos limítrofes, non é nada distinta, a realidade é a mesma. As explotacións que quedan están a beneficiarse desa situación por que teñen a posibilidade de ter maior base territorial, ampliar o número de cabezas de gando, da súa capacidade produtiva en leite como e carne e ser máis competitivos. Non é certo que se lle tivese recortado a subvención nominativa á Asociación de Comerciantes. A cantidade do ano pasado tiña un importe superior por que houbo que compensarlles 14.000 euros que non foron capaces de gastar no ano 2020 e non deron xustificado antes do 31 de decembro. A subvención anterior era de 30.000



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

euros, decidiron poñer 6.000 máis. Nestes orzamentos están os créditos para atender os servizos vixentes, obrigas con outras administracións, como por exemplo a aportación á Mancomunidade que se segue a incrementar ano a ano. Partimos sempre da premisa de continuar a mellorar o gasto social que se xestiona pola Mancomunidade. O orzamento ten un marcado carácter inversor en ara de mellorar a calidade de vida e dos servizos dos veciños e das parroquias. Sr. Vidal falou de moitas beirarrúas, pero explíquelles á veciñanza canto fibrocemento levamos quitado dos servizo de abastecemento de augas que estaba debaixo e xerando continuamente problemas. Iso non o vemos. Cantas melloras se están a facer do saneamento aí abaixo. Os novos sistemas de telecomunicacións cando é posible aí abaixo. Isto é o importante, non so renovar beirarrúas. Moitas veces priorizaron os proxectos por que había problemas nos servizos e se fixo unha coordinación das diferentes actuacións nas distintas rúas en base ás necesidades fundamentais que tiñan os servizos de abastecemento e saneamento. E con esa pauta se ben traballando dende o ano 2017 para aquí. As actuacións previstas para os vindeiros anos están baseadas nesa premisa. Os investimentos son 2.235.000 euros. Dos cales practicamente o 53 % son fondos propios. Son moitas as necesidades que se poden trasladar dende a oposición, que trasladan os veciños, que observan no día a día. Hai que priorizalas e sacalas adiante e darlle forma nos orzamentos. Este é o proxecto de orzamentos que lles presentamos, no que levamos traballando catro meses.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría absoluta de nove votos a favor (9 grupo político PP), dous votos en contra (grupo político BNG), e coas abstencións(2 grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro e Sr. Ribadas Gómez), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal para o exercicio de 2022, que ascende en GASTOS como en INGRESOS á cantidade de **EUROS DEZ MILLÓNS NOVECENTOS OITENTA E NOVE MIL TRINTA E CATRO CON DEZAOITO (10.989.034,18 €)**, asignando a cada un dos capítulos os seguintes importes:

ORZAMENTO DE INGRESOS. RESUME POR CAPÍTULO

CAPITULO	IMPORTE
Capítulo 1	3.396.628,73
Capítulo 2	70.000,00
Capítulo 3	1.876.693,76
Capítulo 4	4.556.637,48
Capítulo 5	102.456,00
Total correntes	10.002.415,97
Capítulo 6	0,00
Capítulo 7	961.515,57
Total capital	961.515,57
Total non financeiros	10.963.931,54
Capítulo 8	0,00



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Capítulo 9	25.102,64
Total financeiros	25.102,64
TOTAL ORZAMENTOS	10.989.034,18

ORZAMENTO DE GASTOS. RESUME POR CAPÍTULOS

CAPÍTULO	IMPORTE
Capítulo 1	3.804.357,95
Capítulo 2	3.851.885,28
Capítulo 3	1.949,75
Capítulo 4	901.684,21
Capítulo 5	0,00
Total correntes	8.559.877,19
Capítulo 6	2.276.641,12
Capítulo 7	58.617,60
Total capital	2.335.258,72
Total non financeiros	10.895.135,91
Capítulo 8	0,00
Capítulo 9	93.898,27
Total financeiros	93.898,27
TOTAL ORZAMENTOS	10.989.034,18

(*) No acordo de aprobación inicial enténdense incluídos todos os créditos do orzamento prorrogado, salvo a incorporación de remanentes, así como o suplemento de créditos 1P SC/2022.

2º.- Aprobar, igualmente, as Bases de Execución de dito Presuposto.

3º.- Aprobar, así mesmo, de acordo co disposto no art. 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, o cadro de persoal, comprensiva de tódolos postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual.

4º.- Que se expoña ó público por prazo de quince días hábiles, para os efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no art. 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

5º.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra este considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, xunto co cadro de persoal e a relación de postos de traballo, segundo dispoñen os arts. 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril e 169.3 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo; e noutro caso procederáse de acordo co previsto no número 1 deste último artigo.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

6º.- Que de conformidade co número 4 do mesmo artigo, remítase copia do referido Presupuesto á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

5. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 31 de marzo de 2022, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

6. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde-Presidente pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Intervén a Sra. García Gómez, voceiro do grupo político PP, que presenta a moción que se transcribe a continuación:

“En datas recentes, diferentes medios de comunicación fixéronse eco da decisión da ministra de Defensa de cambiar o nome da rúa que leva o nome do Soldado Lois no interior do Arsenal de Ferrol.

Simultaneamente, diferentes persoas teñen contactado do Concello de Ordes – lugar de nacemento do soldado Lois- para expresar a súa indignación por esta decisión, carente do mínimo rigor histórico e froito dun revisionismo mal entendido.

Na web da Real Academia de la Historia, podemos o seguinte: Lois García, Manuel. Villaverde, Órdenes (La Coruña), 22.V.1912 – Cabo Cherchel (Argelia), 8.IX.1937. Infante de Marina laureado. Hijo natural de José Franqueira Franco y de Dolores Lois Villaverde. Soltero. De familia muy modesta, comenzó a trabajar como jornalero agrícola a los trece años de edad. De fuerte complexión pero escasa talla, fue eximido por eso de cumplir el servicio militar, pero al iniciarse la Guerra Civil fue llamado a filas y declarado útil para servicios auxiliares. Soldado de Infantería de Marina, en octubre de 1936 embarcó en el crucero Baleares, a bordo del cual entró en operaciones a principios de 1937 en el estrecho y en el Mediterráneo. Durante el combate del cabo Cherchel (aguas de Argel), el 7 de septiembre de 1937, mostró un heroísmo extraordinario cuando abrió “a cuerpo limpio” una caja de iluminantes incendiada que estaba puesta sobre otra de proyectiles de alto explosivo, y logró coger en los brazos el proyectil que estaba ardiendo dentro, al rojo vivo, poniendo en grave



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

peligro al propio buque, y pudo lanzarlo por la borda, pero a costa de recibir en el acto gravísimas quemaduras que le costaron la vida en la noche siguiente. (...). Recibió también los nombramientos de Hijo Predilecto de Órdenes, y de Hijo Predilecto de la provincia de La Coruña. El Real y Glorioso Cuerpo de Infantería de Marina rinde un homenaje permanente a la memoria de este humilde soldado.

O soldado Lois foi, polo tanto, unha persoa admirable, exemplo de solidariedade extrema, que perdeu súa vida para salvar as dos seus compañeiros.

Como sinala o historiador Bernardo Máiz nun informe elaborado a petición dun grupo de militares, o soldado Lois “non é responsable da sublevación” franquista, na medida en que foi chamado a filas como soldado de reemprazo, razón que inhabilita os argumentos esgrimidos para retirar o seu nome do rueiro do arsenal de Ferrol.

Retirar o nome do soldado Lois do rueiro do Arsenal de Ferrol supón unha afronta a todas as persoas coma el: pobre de solemnidade; probablemente analfabeto, mais exemplo de heroísmo e valores humanos aprendido dos seus maiores na casoupa na que se criou entre frío e miseria; un home solidario ata o extremo de dar a vida polos seus compañeiros, exento de calquera connotación política, un ordense de "baja cuna" que, ao igual de Isabel Zandal (tamén pobre de solemnidade), protagonizou unha fazaña heroica, inspiradora para as persoas de ben.

Acusar de franquista ao soldado Lois, e corresponsabilizalo dos estragos de Franco como indirectamente se fai ao retiralo do rueiro, é como acusar de magnicidas ao pobres recrutados rusos de 18 anos que Putin envía, enganados, a loitar á guerra de Ucraína, que falecen por milleiros e quedan tirados nas cunetas, sen sequera recoller os seus cadáveres, como se dunha bolsa de lixo se tratase.

Os erros deben ser rectificadas. Como fixo a anterior alcaldesa de Madrid, Manuela Carmela, ao manter a rúa dedicada ao escritor Álvaro Cunqueiro, ao que algún indocumentado tratou de acusar de franquista, sendo, como foi, un dos grandes fabuladores de todos os tempos (merecedor do Premio Nobel, en opinión de García Márquez), ademais dun impulsor entusiasta da autonomía galega.

E como fixo, o pasado 13 de abril, o Boletín Oficial do Estado, ao publicar unha resolución asinada pola ministra de Defensa pola que se resolve denominar “Soldado Lois” ao vial existente entre os Xardíns de Herrera e o antigo edificio de Capitanía Xeral de Ferrol.

Nada disto tería sucedido se o Ministerio de Defensa tivese actuado, desde o primeiro momento, co rigor esixible a unha institución do Estado que, unha vez máis, tamén neste caso, antepuxo a demagogia ao rigor, poñendo en entredito a traxectoria do soldado Lois, merecente de ser recordado, para sempre, como un galego bo e xeneroso.

Á vista dos antecedentes expostos, sométese á consideración do Pleno do Concello de Ordes a adopción dos seguintes acordos:

O Concello de Ordes insta ao Ministerio de Defensa a:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

- Expresar unha desculpa pública polo intento de retirar o nome do Soldado Lois dunha rúa do Arsenal Militar de Ferrol.
- Comprometerse a manter a homenaxe anual que efectivos da Armada veñen tributando ao soldado Lois na súa localidade natal de Ordes”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro e Sr. Ribadas Gómez), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que sinala que ante esta moción miraron se fora resolto o problema e así o fixeron. Non Boletín Oficial do Ministerio de Defensa a Sra. Robles xa dixo que non se ía incluír ao Soldado Lois. Pídese unha desculpa pública de algo que ao final non vai a retirarse.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do grupo de goberno, que sinala que a estrada do arsenal foi retirada.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que sinala que a nota de preense é do 14/04/2022, xa se rectificou.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do grupo de goberno, que sinala que rectificouse pero tarde e a raíz de que a xente protestou. Queren que se pida unha desculpa a un fillo predilecto de Ordes e que se manteña a súa conmemoración polo seu acto heroico todos os anos.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que é certo que houbo unha rectificación. Vai por diante que non teñen nada en contra da Real Academia de Historia, pero sae na súa web. Todos nos equivocamos algunha vez. A hemeroteca nos ampara. No ano 2011 tamén houbo unha gran polémica polas definicións sesgadas, por unha obra que se ía publicar ou publicouse na Real Academia de Historia, que foi rectificada, que calificaba a Francisco Franco como a persoa que montón un réxime autoritario pero non totalitario, as forzas políticas que o acompañaban quedaron sometidas ao estado. Isto foi rectificadno 2015. No caso da moción está suficientemente rectificadno. Supón que un ministro non ten que leer todos e cada un dos informes que lle presentan. Cree que o Alcalde tampouco leera todo ao cen por cen, algo confiará na xente. Están de acordo e comprometerse a seguir mantendo a homenaxe anual que se lle fai ao fillo predilecto do pobo. Nisto non teñen dúbida. Pedir unha desculpa pública cando xa se fixo o cambio no BOE é suficiente. Si queren solicitar, xa que están, no ano 2015, no mes de febreiro chegouse a un acordo para restituír honorificamente nos cargos á corporación que se constituíu o 7 de marzo de 1936 e celebrar un acto conmemorativo nunha sesión extraordinaria, cursando unha invitación aos veciños para participar neste acto



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

e de maneira especial aos familiares e descendentes dos citados concelleiros. É algo que temos pendentes coa historia.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que entenden e gustaríalles reflexar as dúas vertentes da figura de Manuel Lois García. A humana e a de heroe do fascismo. A humana, a dun pobre rapaz obrigado como tantos outros a combater no bando fascista, seguramente sen comulgar co bando fascista, non o saben, é posible, a bordo do cruceiro Baleares, símbolo da mariña franquista. O Baleares, ese barco que cando miles de civís fuxían de Málaga cara Almería, pola posteriormente alcumada “Carretera de la muerte”, estando apostado na costa os bombardeou, causando a morte de centos de miles de persoas inocentes, entre eles, nenos, maiores e mulleres. Este episodio coñecido como a Desbandá, está considerado como un dos peores crimes de guerra que se produciu na Guerra Civil, e o Baleares tivo un protagonismo relevante. A de heroe franquista. sen dúbida o franquismo aproveitou a súa desgraza para converténdoo nun mártir do franquismo, exacerbando as referencias a súa persoa pola pertenza ao bando militar fascista a tripulación do Baleares e a realización de actos de exaltación fascistas por partes dos falanxistas, aproveitando a súa figura e a súa desgraza. Mesmo faltando á verdade a cuestións de tipo persoal para darlle máis épica a súa acción e convertelo nun verdadeiro heroe do fascismo. Coida que ninguén dubida que Manuel Lois faría o mesmo, se en lugar de loitar no bando fascista o fixera no bando republicano. Pero o que é evidente é que xamais contaría co recoñecemento militar e civil que ten na actualidade. Se tiramos da lista de laureados da época como era de esperar son todos militares franquistas. A controversia pola figura de Lois dáse polo uso e aproveitamento do franquismo, da súa figura e sobre todo da súa desgraza. Mesmo no eido militar, como se pode comprobar no informe ao que se fai referencia na exposición de motivos e dáse esta controversia. É evidente e concordan que Manuel Lois non foi responsable do golpe de estado, nin colaborou voluntariamente para o seu éxito, máis desgraciadamente a súa figura está enormemente cargada dunha simboloxía franquista, pola apropiación que fixeron os fascistas. Quizais o coñecemento máis profundo da figura de Manuel, as súas circunstancias persoais, a restauración da historia fuxindo dos relatos fascistas, desligándoo das referencias ao Baleares, desmilitarizando a súa biografía, foi militar á forza, non voluntariamente, contribuirían a que fose unha personaxe con máis recoñecemento se cabe por parte da cidadanía. Manuel Lois conta cunha alameda co seu nome, un mausoleo no cemiterio municipal do Piñeiro, unha homenaxe anual e é fillo predilecto de Ordes. Por outra banda os once fusilados de Boisaca nin tan sequera as súas familias saben onde están os corpos e os recoñecementos están fora de Ordes. Ben en Boisaca ou ben en Bos Aires.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do grupo de goberno, que sinala que lle sorprende moito que nunha corporación na que todos os que estamos aquí somos constitucionais. Nin os máis maiores tiveron tempo de crear unha idea sobre un momento da historia non que existía unha ditadura. Sorpréndelle moito que sigamos nesta situación discutindo de temas que temos que ter máis que superados. Veñen aquí a defender o valor dunha persoa que combateu como soldado onde lle tocou. Por que poucas veces xente humilde elixe en que bando ten que combater. Entende que si todas as nacións, os exércitos recoñecen aos seus heroes, non polas súas ideas, senón polo seu valor, nos temos que ter iso en conta do Soldado Lois. Están todos de acordo. En ningún momento o PP mencionou que o Soldado Lois ten que ser laureado



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

por ser franquista. Están a defender a un veciño, que foi proposto por unha comisión de veciños, que coñecían no ano 1988 do seu nacemento, da súa familia, das súas andanzas, de como foi a súa vida. Foi aprobado por unanimidade nun pleno deste concello que fose nomeado fillo predilecto. Calquera fillo predilecto do concello de Ordes ten que ser defendido pola corporación do concello de Ordes. Isto é o que veñen a facer aquí, por que consideran que foi atacado. Que a Sra. Ferreiro Villaverde lle compare a Franco cun soldado de reemprazo. Non están a falar de memoria histórica, están a falar do valor dun veciño de Ordes que no ano 1988 foi nomeado fillo predilecto. Entende que nunha guerra entre irmáns cando pasa o tempo, e cando se disipa u odio, xa ve que hai xente que non o disipou. Os actos de valor teñen que ser recoñecidos, sexa cal sexa o bando que ganou. O mérito é motivo de exemplo para as xeracións vindeiras. Se queren falar de memoria histórica. O ministerio de defensa ten que velar pola memoria, polo recoñecemento de todos os soldados e persoas sen distincións. Ten que ter a responsabilidade histórica de recoñecer de ambos bandos. Isto é o que quere a Asociación de Tercios Viejos, que se fagan cemiterios militares que alberguen os restos memoriais de todos os lugares onde houbo batallas, pero de ambos bandos.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que sinala que fora do debate que están a plantexar, van a centrarse no que se pide. A expresión de desculpas públicas, se xa dixeron que rectificaron, a desculpa non ten moito sentido. Comprometerse a manter a homenaxe anual, se están rectificando, o máis normal é que se siga facendo. Fora do debate, nas guerras so hai vítimas. O que piden, fora da ideoloxía de cada un, do que pense. O que se pide non hai por que pedilo por que xa foi rectificado.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que en ningún momento están a comparar ao Soldado Lois co susodicho. Era un exemplo para indicar que ata os máis grandes, a Academia da Historia tamén se engana. Se o dixo rectifica. Fala ben o Sr. Vidal Ríos cando di que hai que distinguir as dúas cousas. Aquí non se está a facer villanos aos que loitaron en calquera dos bandos. Como no dereito todo depende do lado do que se mire. En ambos bando houbo vítimas. De ambos bando deberían coidalas e facerlles as homenaxes que correspondan. Non están de acordo en pedir a desculpa pública da ministra por que entende que con esa rectificación é suficiente. Si que están de acordo en manter esa homenaxe que se lle fai por que consideran que é un fillo do pobo. Tocoulle dese lado como podería terlle tocado do outro. Tamén é certo que se estivera do outro lado no sería coñecido, non por que non fose recoñecido polo pobo, senón por que nin sequera chegaría a ser recoñecido como fillo predilecto. Se retiran o punto primeiro de solicitude dunha desculpa pública da ministra de defensa, votarían a favor. Recordar a restitución dos cargos honoríficos pola acción do 36.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que reiteran que quizais antes de presentar esta moción deberían ter un debate previo nesta corporación. Igual a figura de Manuel Lois García debería adaptarse un pouco aos tempos e á lexislación vixente. Non están a dicir que hai que esquecerse de Manuel



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Lois García, pero si desmilitarizar a súa figura. Foi militar á forza. Ter un coñecemento máis amplo do que foi a súa historia. Fuxir dos relatos fascistas que o vinculaban ao Baleares. Por desgraza a súa figura foi utilizada. Se estivera n outro bando e tivese ese acto heroico, hoxe non se sabería que foi Manuel Lois García. Esa é a realidade. É non están a dicir que el concordase cunhas ideas ou outras. Esta corporación ten que estar preparada para asumir un debate que entenden que é necesario, no que non haxa fanatismos, con tranquilidade, sosegados, sen demagoxias, con xenerosidade. Teñen as súas dúbidas, fai poucos anos, no ano 2018 nesta corporación trouxo unha moción cos seguintes acordos: Que o concello de Ordes promova a realización dun estudo a partir de fontes orais e escritas para a localización da foxa común do cemiterio do Piñeiro (Ordes). Por que hai relatos, testemuñas de que alí existe unha fosa común, aínda que estea sen localizar. O único que pedían é que se fixese un estudo para a súa localización. Que a partir do resultado deste estudo, que demande da Xunta de Galiza que leve a cabo os traballos de exhumación e identificación e entrega ás familias dos restos das vítimas enterradas nesta foxa común. E que o Concello de Ordes organice un acto institucional de reparación e homenaxe a todas as vítimas do franquismo, e singularmente ás vítimas da foxa común do cemiterio do Piñeiro. Esta moción non era algo tan complicado, pero non se puido nin debater. Nesta corporación temos que ser capaces de transcender, os tempos van cambiando. Vamos evolucionando, somos constitucionalistas, de acordo. Hai que ter estes debates para consensuar a figura de Manuel Lois. De acordo que houbo un acordo da corporación no ano 1988, cos grupos que había naquel entón representados. Entende que facendo esa reflexión, cun coñecemento máis profundo da figura de Manuel, desmilitarizando a súa biografía podería ser unha maneira de consensuar un recoñecemento á súa figura, sen eses usos que se fixeron da súa figura e da súa desgraza. Evidentemente creen que antes ten que producirse este debate para proceder a esclarecer a súa figura e por tanto non poden votar favorablemente aos acordos que aquí se propoñen sen que antes teña lugar ese debate previo.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do grupo municipal, que sinala que respecto á moción presentada polo BNG nesta corporación, foi informado de que non poden solicitar a exhumación desa presunta fosa, calquera actuación sobre iso a teñen que solicitar os familiares. Non vai a entrar neste debate. Para facer unha debate sobre a presunta figura de Manuel Lois García, vostedes teñen que estar preparados para asumir os termos armada, militares e exército, e non o están. Nin iso, nin España, entón o debate vai a ser difícil de producir. Este grupo municipal do PP non se identifica con ningún bando. So ven e defenden ao Soldado Lois como home de valor e de honra. Para acadar os máximos votos posibles e o seu apoio, van a retirar a petición de desculpas públicas. Van a manter comprometerse a manter a homenaxe anual que efectivos da armada veñen tributando ao Soldado Lois na localidade natal de Ordes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que coa retirada do punto primeiro dos acordos, unicamente se someterá a votación o segundo dos acordos da moción.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría absoluta de once votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político PSdeG-PSOE), dous votos en contra (grupo político BNG) e coas abstencións (Sr. Iglesias Vieites, Sr.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Fernández Louro e Sr. Ribadas Gómez), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Instar ao Ministerio de Defensa a:

Comprometerse a manter a homenaxe anual que efectivos da Armada veñen tributando ao soldado Lois na súa localidade natal de Ordes.

7. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde-Presidente abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PsdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- Ponse en contacto con esta agrupación un veciño de Santa Cruz de Montaos manifestando que tras contactar co concello en repetidas ocasións para pedir que se despracen os contedores de lixo e plástico situados na súa parcela por estar colocados no centro da mesma, interrompendo a entrada a dita parcela e desaproveitando o espazo que dita parcela ten diante para aparcar.

Dirixiuse ao Concello en varias ocasións para que se desprazasen contedores á dereita para deixar libre a entrada e tras meses de espera non se levou a cabo o movemento dos contedores de lixo.

Solicitamos ao señor Alcalde:

O cambio de situación de ditos contedores co fin de facilitar a entrada á vivenda e ao aparcadoiro da mesma

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala que isto non é así. Esta persoa púxose en contacto con ela por teléfono, despois veu ao concello. Falaron tres veces. A primeira vez acercouse a ver a zona, sendo posible acercalos ao stop, advertindo que sería preciso manter unha distancia prudencial para deixar libre a saída para que houbera visibilidade. Na segunda chamada informoulle que estaba pendente para cando se fixeran os ancoraxes. A terceira vez volveullo a repetir. Están pendentes de facelo, non van a mandar a dous obreiros para facer isto, cando se vai a facer despois en todo o concello. Facilitar a



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

entrada á vivenda, a parte do portal queda libre. O aparcamento é unha zona afectada por fomento que debería ser valorada polas forzas e corpos de seguridade.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, que sinala que transmiten o que lles transmiten, as informacións ás veces son segadas. Fala de que os contedores lle restan zona de aparcamento. Esperamos a eses ancoraxes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que debe quedar clara a matización da concelleira de que estamos a falar do dominio público da estrada, non é unha propiedade privada e que teñen que informar as forzas e corpos de seguridade de que alí non se pode estacionar. A pretensión que se trasladou telefonicamente non se axusta á norma. Fora do peche non é a súa propiedade, pertence a Fomento. Non se pode pretender facer un uso inadecuado do dominio público. Non se pode estacionar nun cruce. Estase a pedir ou pretende facer algo bastante irresponsable. Verase. Ten o compromiso de que cando se fagan as demais, farase esta, pero si se axusta.

- Segundo a Ordenanza N° 24 do Concello de Ordes, que regula las plantacións e reforestacións, no seu artigo 8, cita que “Para garantir a conservación da rede viaria municipal e evitar o risco de accidentes, será necesario solicitar autorización para as operacións de carga e descarga, o seu transporte e almacenamento de madeira procedente das tallas realizadas nas plantacións existentes neste municipio... A autorización municipal para o transporte e almacenamento será obrigatoria e gratuíta, con todo, o madeiro deberá ingresar na Tesourería municipal unha garantía, cuxo importe será determinado polo técnico municipal, para responder dos posibles danos á rede viaria, que non será devolto ata que se comprobe que non se produciron danos na vía pública municipal.

No caso de que este depósito se realice nos noiros, cunetas ou invadindo zona viaria, infrinxindo así a presente Ordenanza e previo informe da Policía Local no sentido de que a madeira está a provocar a deterioración e obstrución das cunetas ou supón un risco para a seguridade viaria será retirado de urxencia e depositado en terreos habilitados para o efecto ata que sexa reclamado polo seu propietario... aos que se fará cargo o transporte e cobrarase a custodia, así como a reparación dos danos producidos e da limpeza e retirada de residuos da vía pública, se os houber, sendo estes:

- Transporte: Custo íntegro do mesmo, certificado mediante factura presentada polo transportista encargado de realizalo.
- Custodia: 1 €/ m3/día, a contar este prazo desde a retirada da zona invadida.
- Reparación de danos na vía pública: factura dos gastos ocasionados.
- Limpeza e retirada de residuos da vía pública: factura dos gastos realizados”.

Solicitamos ao señor Alcalde:

O uso desas garantías para a restauración dos camiños onde están a traballar coa madeira e deixalo outra vez o mais practicable posible.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que solicita que se lles indique o lugar no que se está a producir esa retirada de madeira para poder actuar. Comprobarase se a vía é de carácter público. Xa ten pasado noutras ocasións de queixas e tratarse de servidumes privadas e non poder actuar o Concello. A partir de aí pedirase a intervención da policía para a averiguación de quen é o madeirista e pedirase a restitución do camiño no caso de ser público.

- Vendo as beirarrúas nas obras de humanización da rúa Victor González Falla (na marxe da residencia de da terceira idade), estas, aparentemente, parecen rematadas. Pódese apreciar que ó longo da mesma non hai ramplas de acceso á beirarrúa en ningún tramo que non sexa unha entrada a unha garaxe, tampouco no comezo de dita rúa nin na intersección coa Rúa da Fonte, nin onde están pintados os actuais pasos de peóns hai un acceso adecuado para cadeiras de rodas ou carriños de bebé.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Emendar esta falta de ramplas que melloren a accesibilidade en dita beirarrúa antes de que se rematen as obras co fin de facilitar a libre mobilidade da veciñanza tendo en conta que é unha rúa moi transitada pola presenza do local de Cáritas, do centro de día e mesmo da residencia de maiores e adaptarse á lexislación vixente

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non hai nada que emendar. Vai a entregarlle a memoria da obra que se está a facer, vexan o remate final. O carril, cando estea rematado, vai a estar ao mesmo nivel que a beirarrúa. O mesmo que acontece no Centro de Saúde, na Farmacia en Alfonso Senra. Hai que ter paciencia, esperar a que se rematen as obras, e analizar os proxectos. Pode consultar o proxecto no perfil do contratante da Xunta de Galicia. O proxecto está adaptado á normativa de mobilidade. Vai a dar prioridade aos peóns sobre os vehículos

- A senda peonil que vai do Paraíso a Poulo, empeza a estar nun estado lamentable, con valos rotos e inseguros xa que non están ben cimentados e o chan esvaradío cando chove. A isto hai que engadir o poste da luz que se atopa no medio da senda que ademais de dificultar o tránsito que se pode facer con algún elemento (como pode ser un carriño de bebé), é un elemento que está situado nun lugar que non lle corresponde.

Solicitamos ao señor Alcalde:

1. A reparación ou substitución dos valos
2. A limpeza ou mellora do chan para evitar que se esvare nel
3. Que solicite a quen corresponda o traslado dese poste (polo menos a unhas das beiras da senda)



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o concelleiro de mantemento xa mantivo alí unha reunión co vixiante, fixéronse chamadas á Deputación. A senda non é de titularidade municipal, non nos esta permitido a nos actuar directamente. Reclamouse o 8 de abril. Hoxe como nas fotos vese que hai máis danos dos que había, cando se fixo o primeiro informe, insistimos ao respecto. Pide que a xente do PSOE, BNG, que son os que gobernan na Deputación, procedan canto antes ao arranxo desta zona que temos tan deteriorada. Cos servizos municipais de limpeza coa varredora procederáse. No ano 2018 xa se conseguiron recuar catro postes, queda este máis pagado ao casco urbano, farase unha nova petición para ver se conseguen recualo.

Intervén a Sra. Regueiro García, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Na rúa de Galicia existe unha arqueta de abastecemento de auga que non dispón da correspondente tapa, o que representa un risco de tropezo para as persoas que transitan pola beirarrúa.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A dotar á citada arqueta de abastecemento de auga da correspondente tapa.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa se lle trasladou á concesionaria do servizo unha vez que presentaron o rogo. Espera que o fagan á maior brevidade.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Nos últimos anos, o goberno municipal adoptou unha política de envío masivo de notificacións coa obriga de xestión da biomasa. Isto levou a que numerosos carballos fosen cortados nos bordos das pistas.

Ollando a normativa vixente podemos ver como as distancias fixadas no ANEXO II da Lei 7/2012 de Montes de Galiza, fan sempre referencia a novas repoboacións forestais.

Con respecto á Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza, na súa disposición adicional terceira establece as especies que son obxecto de xestión da biomasa vexetal, así como a excepcionalidade que supón o caso das árbores senlleiras.

Non facéndose referencia en ningún caso a unha obrigatoriedade de proceder á corta de carballos ou outro tipo de árbores senlleiras situadas nos bordos dos camiños ou das pistas, agás que se trate dunha repoboación forestal.

Con isto non queremos dicir que o goberno municipal non efectúe as pertinentes labores de vixilancia, especialmente no caso de novas



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

repoboacións forestais, onde poden observarse numerosos casos de incumprimento de distancias ao viario e a núcleos de poboación, pero si entendemos que débese informar axeitadamente á veciñanza, evitando a toda costa unha política que remate nunha práctica de completa destrución das árbores senlleiras e ornamentais existentes nos bordos dos camiños.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A tomar con prudencia as notificacións que se envían, estudando os casos nos que poidan existir árbores senlleiras cuxa conservación estea permitida, facilitando a información axeitada con respecto ao caso das árbores senlleiras e/ou con funcións ornamentais.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que temos dúas casuísticas que son on noventa tanto por cento dos expedientes que se tramitan de requirimentos do concello en relación a xestión a biomasa nas faixas secundarias de protección. Un é a través do convenio con Seaga, todos os anos a policía local fai un informe sobre aproximadamente doce quilómetros de rede viaria municipal, tratando de facer algo en todas as parroquias e tratando de cubrir na medida do posible todo o territorio e sempre tratando de ir por diante desas actuacións con árbores que están fora da aliñación ou son problemáticos. Despois están as denuncias dos particulares, que son numerosas. Todas as tramitacións se fan polo funcionario de acordo coa normativa, se ten que facer algunha consulta dubidosa faino na Secretaría. Ninguén pode cortar sen ter a autorización de corta do Distrito Forestal, a corta é totalmente garantista ao final. Outra cousa é que a persoa á que se lle fai a notificación non proceda a tramitar a autorización no Distrito, xa sexa para autoconsumo ou venda a un terceiro maiorista. O catálogo de árbores senlleiras ou de calquera outra especie protexida esta regulado polo Decreto 10/2015, de 22 de xaneiro, en Ordes non hai ningunha árbore senlleira protexida. Se coñece algunha nolo faga saber. Non todos os informes se fan aplicando a Lei 3/2007, de prevención de incendios ou a Lei 7/2012, de montes. En moitos casos tramitan expedientes en base a informes da policía local que por seguridade na vía recomentan que se saque algunha árbore, sexa da especie que sexa. A xente ten que ter claro que sempre que lle chega unha notificación de corta dunha árbore ten que tramitar a autorización de corta no Distrito III, tendo a garantía total de se pode talar ou non a especie.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que para aclarar a cousa, o concello o único que envía son notificacións recomendando, nunca obriga a un particular a cortar. Despois é o particular o que ten que dirixirse ao Distrito Forestal para ver se lle autorizan a cortar.

Solicita intervir o Sr. Secretario, que sinala que o concello non se dedica a enviar recomendacións. O concello inicia expedientes de xestión de biomasa, e cando se refire a por razóns de seguridade e ao abeiro da Lei do solo, do deber de conservación dos terreos por razóns de seguridade, o que se tramita é o que se chama unha orde de execución. Son expedientes distintos, sempre se fai un requirimento de que hai que cortar as árbores. Despois irán a Medio Rural para que lle autorice a corta. Fanse requirimentos de corta, non recomendacións de corta.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que pregunta se o particular vai ao Distrito Forestal e lle din que non.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que iso nunca lle pasou.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que para que lles quede claro á xente, na notificación deberíase explicar cal é o proceso.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que está claro que para calquera aproveitamento madeireiro hai que dirixirse a Distrito.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que a xente iso non o sabe.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que si se achegan ao concello o funcionario sempre os vai a informar do que teñen que facer.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que se hai algunha excepción para árbores ornamentais, cada vez quedan menos. Non din que todo se teña que preservar, algún terá que ser cortado. Hai outros que se foron cortando nestes anos que igual valía a pena preservar. Que se valore a posibilidade de conservar algunha árbore de carácter ornamental.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o que está claro é que unha árbore que voa sobre o dominio público, hai que facer todo o posible para retirala, o único que vai a xerar é problemas.

- Nas inmediacións do Petón, na parroquia de Parada, existe un vertedoiro onde a veciñanza pode atoparse con rodas, restos de lavadoras, frigoríficos, ...etc.

O citado vertedoiro atópase nas inmediacións do punto con coordenadas "google maps": 43°03'34.9"N / 8°26'53.6"W.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Que se proceda á limpeza do vertedoiro, dándolle o axeitado tratamento aos restos alí existentes.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala que este vertedoiro foi retirado na mañá de hoxe, os residuos foron entregados no punto limpo.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PsdeG-PSOE, que formula as preguntas seguintes:

- O pasado 25 de abril de 2022 tivo lugar o encontro pola convocado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para dar a coñecer os distintos programas e liñas de axudas en materia de vivenda ás que poden optar os cidadáns e os concellos.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

O obxectivo é informar dos requisitos que os beneficiarios de cada axuda deben cumprir, así como dos trámites que deben realizar ante a Xunta para acceder aos incentivos dispoñibles ao amparo da convocatoria de 2022, tanto dos programas que xa están abertos como daqueles pendentes de publicar a súa convocatoria.

Era o terceiro encontro #Construíndofogar que se celebra na provincia da Coruña e o sétimo en Galicia, encontros que están abertos ao público en xeral.

Estiveron convocados, segundo o páxina da Xunta de Galicia, <https://www.xunta.gal/notas-de-prensa/-/nova/68196/xunta-invita-aosconcellos-comarca-santiago-conecer-distintos-programas-axudas>, os representantes dos concellos da área de Compostela: Ames, Arzúa, A Baña, Boimorto, Boqueixón, Brión, Dodro, Frades, Melide, Negreira, Ordes, Oroso, Padrón, O Pino, Rois, Santa Comba, Santiago, Santiso, Teo, Toques, Tordoia, Touro, Trazo, Val do Dubra e Vedra.

Preguntamos ao señor Alcalde:

¿Houbo algunha representación do concello de Ordes?.

De non habela:

¿Porqué? xa que segundo a páxina oficial da Xunta estaban invitados.

¿Hai algunha previsión para acudir a algún destes encontros?.

De haber representación, ¿vai a haber algunha actuación para informar á veciñanza das posibles axudas ás que pode acceder?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que si houbo representación. Calquera persoa pode obter información no Departamento de Urbanismo. Plantexouse alí que hai que axilizar ao máximo as licenzas. Estableceuse unha liña de comunicación directa entre os técnicos municipais e a Consellería.

- Durante a Festa do Champiñón que tivo lugar o pasado fin de semana, as reportaxes fotográfica foron realizadas por profesionais de fora do concello.

Preguntamos ao señor Alcalde:

¿Ningún dos fotógrafos do concello reúne as condicións para poder desempeñar este traballo?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que isto xa se tratou en anteriores ocasións, non é certo. Está persoa ten o seu domicilio profesional en Ordes.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- Veciñanza da zona, amosou a este grupo municipal o seu malestar ante o que está a acontecer nas obras que se están a levar a cabo na estrada que comunica o Mesón do Vento co núcleo de O Seixo, na parroquia de Ardemil.

Segundo nos trasladan, o concello non mantivo ningún contacto coas persoas propietarias dos terreos de cara á súa cesión, nin existiu ningún tipo de expediente previo de expropiación. A pesares diso, nas obras estase a proceder á ocupación parcial dos terreos, chegando nalgúns casos incluso a proceder coa retirada de peches vexetais existentes, sen a correspondente autorización das citadas persoas propietarias.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Dispón o concello de algún documento que acredite a dispoñibilidade dos terreos precisos para a execución das obras pretendidas na estrada que une o Mesón do Vento co núcleo do Seixo na parroquia de Ardemil?.

¿Ten potestade o concello de Ordes para actuar sobre terreos que non son da súa titularidade?.

¿A que se debe este xeito de actuar?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que lle sorprende cada vez que trae unha pregunta deste tipo. Fala de veciñanza en plural, cando somos coñecedores que o único condicionante é un veciño, esa é a realidade. Trasládanlle mal, é falso que non houbo ningún tipo de contacto. Ten ao seu carón ao concelleiro delegado de obras que mantivo múltiples contactos con esa familia. Contactos cordiais, trasladándolle a realidade do que alí acontecía. En ningún caso se está a ocupar ningunha propiedade privada. Dispoñemos de documento, que é a propia planimetría de concentración parcelaria e as coordenadas replanteadas no terreo onde hai un ancho de vía de 10,40 m en practicamente toda a sección, nalgúns casos alcanza os 11,80 m. estamos a facer un vial de 5,00 m e temos un ancho de 10,40 m de plataforma pública segundo a concentración parcelaria. Comprenderá que para nada se está a ocupar unha propiedade privada. Vai a manterse ese encontro que demandan. Non hai ningunha ocupación. Non procede a segunda pregunta. Vostede podía ter comprobado a cartografía de concentración parcelaria. Tampouco hai nada que responder á terceira. É curioso que manden unha fotografía e non se queixen do incumprimento da lei de prevención de incendios forestais. A información que lle trasladan non se axusta á realidade. Noutra ocasión fale co concelleiro delegado de obras preguntando sobre estas cuestións.

- O pasado 16 de marzo procedíase á inauguración de 28 fontes ao longo do Camiño Inglés.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Segundo transcendeu aos medios de comunicación, o custo total do proxecto “lifewaterway”, foi de 973.000 €, o que ven resultando nun gasto de 34.750 € por fonte. Vendo as fontes que foron instaladas no noso concello, no lugar de Cabeza de Lobo e no lugar de A Senra, semella excesivo.

Incluso a fonte instalada en Poulo, semella presentar un problema de baixa presión na subministración de auga, o que provoca unha longa espera para conseguir encher un “botellín”.

Cabe destacar tamén que a auga presenta un forte sabor a plástico. É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿A canto ascendeu o custe de construción das fontes existentes no noso concello?.

¿De que xeito teñen pensado resolver os citados problemas na fonte do lugar A Senra, na parroquia de Poulo?, de xeito que teña o funcionamento que se agarda dunha nova actuación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o importe de 973.000,00 euros corresponde ao orzamento total do proxecto que comprende un amplo abano de accións máis aló da construción das propias fontes. Non é correcta determinar o importe unitario de cada fonte coa división de dito orzamento ente o total das fontes executadas, vinte e oito uniades. O importe do orzamento de execución por contrata da obra civil do conxunto da rede de fontes ascendeu a 173.000,00 euros. Cada unidade de fonte responde a unha casuística distinta polo que non é factible determinar o custe unitario dun xeito directo. Contratáronse as vinte e oito de maneira conxunta. A financiación das obras correu a cargo dunha subvención da Unión Europea dos aportes do Consorcio ao proxecto do que no forma parte o Concello de Ordes. O único gasto imputable ao concello foron as acometidas das dúas fontes á rede municipal de abastecemento, 180,00 € en cada un dos casos. O 18/04/2022 procedeuse á realización da revisión mensual da fonte de referencia constatándose dúas diferenzas pola xente do proxecto, falta de caudal, problema que foi solucionado mediante o axuste da válvula reguladora de presión. O problema de sabor á plástico da auga desapareceu ao deixala correr. A recente execución da acometida necesita que haxa unha recirculación constante da auga, corrixíndose ese sabor a plástico, nestes primeiros momentos. O concesionario vai a comprobar o estado da fonte.

- A construción anexa á igrexa de Parada, presenta unha importante fenda nas súas paredes, o que pon en risco de colapso ao citado inmovble.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Contactouse coa igrexa para instando a levar a cabo as actuacións precisas para unha axeitada conservación do citado anexo?.

De ser así, ¿cal foi a resposta obtida?.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o 05/12/2020 contactouse co Arcebispado, o informe da policía local de 10/12/2020 remitiuse de maneira oficial o 14/12/2020. Aínda non actuaron. Mandarase un novo requirimento.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás vinte e unha horas e trinta minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias